

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0RJ	<i>Expediente</i> CON/16/2020	<i>Fecha</i> 20-05-20 09:19

Número 14 .- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á aprobación do expediente "Execución do proxecto de reparación do muro entre as rúas París e Luxemburgo en Fontiñas"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 18 de maio de 2020 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 14 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE CENTROS SOCIOCULTURAI, BARRIOS E OBRAS RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE "EXECUCIÓN DO PROXECTO DE REPARACIÓN DO MURO ENTRE AS RÚAS PARÍS E LUXEMBURGO EN FONTIÑAS"; APROBACIÓN DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras, de data 22 de abril de 2020. Así mesmo, do informe con observacións de Intervención, número 2020/285.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**José Javier Fernández Martínez**, concelleiro delegado de centros socioculturais, barrios e obras, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019,

EXPÓN:

1. Con data 21 de decembro de 2018, a Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobou o proxecto de reparación do muro entre as rúas París e Luxemburgo en Fontiñas.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0RJ	<i>Expediente</i> CON/16/2020	<i>Fecha</i> 20-05-20 09:19

2. Con data 25 de marzo de 2020, o xefe de servizo de Obras e Proxectos emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da súa contratación.

3. Con data 1 de abril seguinte, esta concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria .

4. O 2 de abril, a concellaría delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local resolveu iniciar o expediente proposto, ao que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

5. Finalmente, xa o día 14 de abril, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos aos que se refire o artigo 116 da LCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Execución do proxecto de reparación do muro entre as rúas París e Luxemburgo en Fontiñas**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1410RJ	<i>Expediente</i> CON/16/2020	<i>Fecha</i> 20-05-20 09:19

simplificado, establecéndose un tipo de licitación de **266.972,73 euros** IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 56.064,27 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **040 17100 61900 00 - 2020 2 MUROS 16.**"

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o expediente denominado "**Execución do proxecto de reparación do muro entre as rúas París e Luxemburgo en Fontiñas**", así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado**, establecéndose un tipo de licitación de **266.972,73 euros**, IVE aparte.

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a 56.064,27 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **040 17100 61900 00 - 2020 2 MUROS 16.**

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO


Asdo: Gumerindo Guinarte Cabada

CONCELLO DE SANTIAGO

